



Un novo acordo patronais-sindicatos estatais deixa de lado ás traballadoras de centros de asistencia e infantil etapa 0-3

A CIG-Ensino non subscribiu esta declaración “conxunta” pola falta de medidas garantistas dos dereitos tanto laborais como salariais para as traballadoras/es do sector.

Dende a CIG-Ensino, aínda que compartimos o texto acordado na súa totalidade, non o asinamos por non incorporar ao mesmo estas reivindicacións que propuxemos na mesa negociadora:

- Que nesas axudas solicitadas ás administracións se garantan como mínimo as condicións laborais e salariais das traballadoras/es, evitando na medida do posible descolgues salariais das empresas, perdas salariais nos ertes (tanto parciais como totais, pois estamos a falar de salarios da orde do SMI), modificacións substanciais das condicións de traballo e despedimentos do persoal temporal (tratando de recuperar os postos das despedidas ou incorporalas aos Ertes como mínimo). Ademais non se recoñecen dereitos das traballadoras vulnerables, en corentenas e por coidados obrigatorios.
- Que se recollan as políticas de emprego e de igualdade (evitando o incremento da brecha salarial e laboral entre sexos, ao ser este un sector feminizado e con salarios na liña do SMI) que tanto se pregoan dende os distintos gobernos estatais e autonómicos no mal chamado “Diálogo Social”, posto que van na dirección contraria.
- Que estas reivindicacións se dean nos ámbitos estatais e autonómicos, dando a cara as patronais galegas e os demais sindicatos.

Outro tema que puxemos enriba da mesa foi a necesidade do compromiso das partes para cumprir o XII convenio no referente á Adicional 4ª que obriga a adaptación das táboas salariais 2020 ao novo Salario Mínimo Interprofesional (950€), que está pendente e a maioría das empresas non o pagan, pero tanto a patronal coma os sindicatos estatais non o asumiron. Denunciaremos esta situación de non negociarse. Do mesmo xeito, como xa denunciámos na negociación do convenio, hai outros acordos que patronais e sindicatos estatais maioritarios asinan no AENC (Acordos Estatais para a

Negociación Colectiva), que logo non cumpren como son os salarios mínimos de convenio que serían 1000 euros en 14 pagas. Onde quedan estes acordos?? Pois mirar nos Erte que asinaron, sen ningún tipo de compensación para as traballadoras, cobrando prestacións que supoñen o 70% de salarios que rondan os 900 euros mensuais, como ocorre neste sector... O texto da nova declaración “conxunta” solicitando un SOS ás administracións públicas pola situación crítica na que se atopan os centros educativos da etapa 0-3 e as empresas que os xestionan, debido á irrupción da pandemia ocasionada polo virus COVID-19, é compartido pola CIG-Ensino ao 100% e mesmo aportamos propostas coas emendas que presentamos. O texto final asinado polas patronais e sindicatos estatais resúmese no seguinte:

- 1.- A denuncia da competencia desleal de centros autorizados e non autorizados, que invaden ilicitamente o espazo da educación infantil.
- 2.- O descenso das matriculacións nas escolas que van desde o 40% ate máis do 80%, provocado polo medo ao virus, as conciliacións familiares por Ertes de nais/pais e a baixa natalidade.
- 3.- Que o Real Decreto-Lei 30/2020 do 29 de setembro, da prolongación dos Ertes asinado no diálogo social polo Ministerio de Traballo a CEOE (patronais), CCOO e UGT, non tivo en conta os CNAE correspondentes a este tipo de educación, deixando fóra das exoneracións nas cotizacións empresariais da Seguridade Social das traballadoras a este sector, necesarias para poder manter os postos de traballo.
- 4.- O proxecto de gravar co IVE os servizos que prestan os centros de educación infantil o que suporía un encarecemento do servizo inasumíbel para as familias que precisan este servizo para conciliar a súa vida laboral e familiar.
- 5.- A desaparición dos centros/escolas coa conseguinte destrución de emprego no sector, na súa maioría feminino, novo e moi cualificado pero que polas sucesivas reformas laborais ten salarios e condicións moi precarias, facendo caer con máis dureza a crise derivada do COVID sobre as mulleres.

CAL É O SALARIO QUE DEBEN COBRAR AS EDUCADORAS E PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS) MENTRES NON SE CUMpra A DISPOSICIÓN ADICIONAL 4ª DO XII CONVENIO?

A resposta é moi doada: por Lei e convenio deben cobrar como mínimo o SMI, é dicir, **950€ brutos** dende o 1 de xaneiro de 2020.

Comparativa entre táboas do convenio que se estiveron e aínda están a cobrar pola maioría de traballadoras e a legalidade do que deben cobrar e reclamar atrasos:

| XESTIÓN DIRECTA | | SEGUNDO TÁBOAS SALARIAIS | | SEGUNDO SMI E OBRIGAS | |
|-----------------|----------------|--------------------------|-------|-----------------------|-------|
| | | Educadora | Pas | Educadora | Pas |
| SALARIO 2020 | Xaneiro Agosto | 930 € | 900 € | 950 € | 950 € |
| | Setembro | 948,60 € | 950 € | 950 € | 950 € |

As demais categorías deberán cobrar segundo as táboas salariais que recolle o XII convenio.

| XESTIÓN INDIRECTA | | SEGUNDO TÁBOAS SALARIAIS | | SEGUNDO SMI E OBRIGAS | |
|-------------------|----------------|--------------------------|-------|-----------------------|-------|
| | | Educadora | Pas | Educadora | Pas |
| SALARIO 2020 | Xaneiro Agosto | 910 € | 900 € | 950 € | 950 € |
| | Setembro | 923,65 € | 950 € | 950 € | 950 € |

Á vista queda o grande despropósito deste XII convenio asinado polas OO.SS estatais de sempre, que non respectaron as reivindicacións e a loita do sector para que non se asinara este XII convenio estatal.

E o que é peor, non se presiona polas demais OO.SS para CUMPRIR que se adapten estas táboas ao SMI, tal e como recolle o convenio na DISPOSICIÓN ADICIONAL 4ª, pois di textualmente:

“Durante la vigencia del presente Convenio Colectivo, la Comisión Negociadora se reunirá para negociar las adaptaciones necesarias para adecuar los salarios al S.M.I. anual que apruebe el Gobierno hasta la publicación del próximo Convenio Colectivo, con el fin de garantizar que ningún puesto de trabajotendrá asociado una retribución por debajo del SMI correspondiente a cada uno de estos años.”

DENDE A CIG-ENSINO XA O EXIXIMOS PARA QUE SAÍRA A DECLARACIÓN CONXUNTA ADIANTE pero as demais partes da mesa negociadora non se comprometeron a convocar a mesa de negociación xa!

A CIG-Ensino tomará as medidas legais oportunas para que se negocien canto antes e non se demoren máis as negociacións destas adaptacións. A nosa proposta tamén a teñen as partes da mesa negociadora: para o PAS os 950€ do SMI e para as Educadoras 1.000€ para este 2020.

Dende a CIG-Ensino entendemos que como están as competencias transferidas ás CCAA, debemos actuar tamén desde estas, como sempre estamos a defender dende este sindicato, e máis nos temas a reivindicar nesta declaración “conxunta”. Facemos un chamamento ás demais OO.SS para presionarmos aquí e logramos un ámbito de Relacións Laborais Galego, como única vía de dignificar as condicións laborais e salariais deste sector na Galiza e podermos ir camiño dun **CONVENIO GALEGO DIGNO**. Á vista están os feitos unha vez máis nas mesas estatais, carentes de negociacións reais e fartas de acordos estériles ou acaídos á patronal. Que isto cambie depende de cada unha de vós...

ORGANÍZATE COA CIG-ENSINO COMO GARANTÍA NA DEFENSA DOS TEUS DEREITOS EN TODOS OS ÁMBITOS!